

ANULACIÓN OFERTA. Resolución do 2 de outubro de 2024 pola que se convoca concurso público de méritos 22/24 para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación.

Con data 2 de outubro de 2024, publicouse a resolución da Universidade de Vigo pola que se convoca concurso público de méritos 22/24, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación.

O investigador principal Maria Pansera presentou a proposta de contratación 2224-138532, dunha praza de Investigador modalidade B, para un contrato indefinido de actividades científico - técnicas, pero decidiu retirar esta oferta xa que non se axusta ao perfil que necesita para as tarefas de investigación, polo que

esta Reitoría RESOLVE anular a oferta de referencia 2224-138532 da convocatoria do concurso público de méritos 22/24, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.